

Normas de participación

Espírito

- O Torneo Open Ourense naceu no ano 2002 coa vocación de reunir a meirande cantidade posible de xogadores/as nun torneo amigable no que a competición e a diversión teñan cabida a partes iguais.
- A competición será a actividade principal e cara a que se enfoca este Open, pero rodeada de actividades complementarias que promovan a deportividade, compañeirismo, camaradería e amor por este deporte.
- Esta é una iniciativa do Club Deportivo Open, asociación deportiva sen ánimo de lucro, plenamente constituída e autorizada e cunha póliza de responsabilidade civil. Colaboran desinteresadamente na organización persoas de distinta procedencia.

Participación

- A participación neste torneo está aberta a calquera xogador/a a partires dos **14 anos**.
- É recomendable estar **FEDERADO** e polo tanto baixo a cobertura da Mutua General Deportiva.
- En calquera caso a organización **NON SE FAI RESPONSABLE** de calquera incidencia o accidente que teña lugar durante o torneo así como de perdas, danos ou roubos á pertenzas dos participantes.
- Os equipos **NON** poden inscribirse baixo nome oficial de club ou equipo oficial algún **NEN** lucir o vesti-la indumentaria oficial do mesmo. A organización prega ós equipos que sexan orixinais coas súas equipacións para dar colorido e vistosidade ó torneo.
- Os equipos poden inscribirse como desexen, masculino, feminino o mixto. Por suposto, poden incluírse xogadores/as de distinta orixe, club ou federación segundo se desexe.
- A competición é **ÚNICA**, non existen categorías.
- O número de xogadores por equipo é de 7 como **MINIMO** e 10 como **MÁXIMO**, se ben, en casos puntuais pódese abrir esta marxe, previa consulta coa organización.
- Cada equipo porá a disposición da organización un **árbitro** para, no caso necesario, colaborar na competición.

Inscrición

- O torneo se celebrara o **28 de Agosto de 2010**. O período de inscrición finalizará o **10 de agosto** inclusive.
- Durante o período de inscrición poderá realizarse unha **pre-inscrición** ónde soamente se comunicará a intención de participar, o nome elixido para o equipo e os datos da persoa de contacto ou responsable.
- Esta persoa de contacto é, a ollos da organización, o **responsable** a todos os efectos do equipo inscrito. Todos os inscritos terán condición de xogadores/as para a organización, non existe a figura de adestrador nin similares.
- A cuota de **pre-inscrición** será de **60 €** a descontar no momento de efectuar a inscrición en firme.
- Si se optou pola pre-inscrición, para formaliza-la inscrición se deberá cubrir de novo unha folia de inscrición marcando o cadro de extensión de inscrición e ingresando en conta a diferenza, es dicir, **140 €**
- A **inscrición** de un equipo require a **cumplimentación** da folia de inscrición ónde figuren o nome elixido para o equipo, o nome e teléfono da persoa de contacto ou responsable e a relación de tódolos xogadores/as participantes.
- A inscrición no torneo se considerará correcta e completa cando se teña aboado completamente o importe da cuota de **inscrición** que será de **200 € por equipo**, é dicir **20 € por xogador/a**.
- En **ningún caso** se devolverá ningunha cuota si o equipo non se presenta ou desiste de asistir. Por este motivo se establece unha pre-inscrición para permitir a aqueles participantes que non poidan asegura-la súa participación ata o último momento que se inscriban no torneo.
- A inscrición da dereito ó seguinte:
 - Participación na competición.
 - Camiseta conmemorativa.
 - Subministro de bebidas durante el torneo.
 - Xantar
 - Entrada ós locais colaboradores.
 - Regalos, trofeos e calquera outra promoción que a organización e os patrocinadores poñan a disposición de los participantes.

Competición

- A competición se celebrará no campo de Mariñamansa na súa totalidade.
- Se utilizarán dous campos de **mini-hockey** simultaneamente (ancho do campo regulamentario).
- Os equipos alinearán **seis** xogadores/as de campo e un **porteiro/a** no formato denominado "**seven**".
- As regras de xogo serán as mesmas que na competición oficial EXCEPTO o penalti corner que será substituído por unha falta con xogo libre ó borde da área e tódolos demais xogadores/as a 5 metros por detrás. Se poderá executar de forma libre, conducindo, regateando, tirando ou pasando. Un tiro de golpeo directo, sen que a bola salga da area, deberá dar na táboa para ser válido
- A competición agrupará os equipos participantes en **dous o máis grupos**, que disputarán una **liguña** todos contra todos a unha volta. A clasificación, en caso de empate, se resolverá polo sistema tradicional segundo as normas oficiais para desempates.
- O sistema de clasificación para as **finais** será determinado no momento de coñecer o número exacto de equipos inscritos.
- O **calendario** definitivo será enviado ós contactos de cada equipo con suficiente anterioridade una vez teña concluído o período de inscrición.

Adicionais

- En caso de cancelación por causa de forza maior, o torneo se celebrará na primeira fecha inmediatamente posible. Non haberá devolución de inscricións.
- A organización tomará as decisións que estime oportunas para o desenrolo óptimo do torneo, sendo a única con esta capacidade.
- As instalacións están ó servizo de todos polo que os vestiarios estarán **ABERTOS** permanentemente á disposición de calquer equipo en calquera momento.

Recomendacións

- Este torneo pretende fomentar o bo ambiente entre os participantes polo que se prega a todos os participantes que fomenten, promovan e participen das boas maneiras, espírito competitivo pero deportivo, e a camaradería.
- Así mesmo, se pide o **RESPECTO MAXIMO** para as instalacións, preservando seu estado e limpeza para que se poida repetir este tipo de eventos no futuro.

A PARTICIPACIÓN NO TORNEO IMPLICA A PLENA ACEPTACIÓN DESTAS NORMAS